

Dous mares

Músicas entre dous mundos

Diana Baroni, voz e traverso

Lorina Vallaster, voz e frautas

Belén Bermejo, voz e percusións

Rafael Guel, guitarra, frautas e percusións

Roberto Santamarina, fídula e violín barroco

José Manuel Díaz, contrabaixo

Andrés Díaz, frautas, vihuela, dirección

Marco Aurélio Brescia, órgano

Organiza

Concellaría de Acción Cultural do Concello de Santiago

Concepto e dirección artística

Belén Bermejo López

Asesoría musical

Andrés Díaz Pazos

Redacción

Andrés Díaz Pazos, Carlos Penela Martín e Belén Bermejo López

Coordinación e deseño

Sirgo Torcendo

Producción técnica

Goyplasón S.L.

Agradecementos

- _ Santiago Ferreiro Fernández, párroco da igrexa das Ánimas
- _ Comunidade de beneditinas de San Paio de Antealtares
- _ Comunidade de clarisas do convento de Santa Clara
- _ Padres franciscanos da comunidade franciscana de Santiago de Compostela
- _ Xan Gómez Viñas, responsable de comunicación do NUMAX
- _ Todas aquelas persoas e establecementos de Compostela que, coa súa colaboración, fixeron posible este proxecto

A chegada ao Novo Mundo supuxo un xiro copernicano na historia moderna. No eido cultural, especificamente na música, houbo un pronto recoñecemento mutuo entre pobos para os que a música era un modo de vida e expresión consubstancial á súa propia existencia diaria. Da mestura do folclore e a música culta ibérica e do folclore dos habitantes de América Central e do Sur xurdiu un rico e variado verxel de músicas novas e orixinais que aínda perdura entre nós hoxe en día. Recollendo ese espírito, o programa de hoxe mestura músicas dun lado e do outro do océano, de diversas épocas. Moitas delas teñen en común elementos rítmicos e melódicos que, xa na propia Península, cando as naves de Colón partían, tiñan características propias e diferenciadas das doutras partes de Europa. Escoitaremos, pois, danzas e pezas vocais, de carácter folclórico, suramericanas, e tamén pezas ibéricas do Renacemento ou dos inicios do Barroco, buscando semellanzas e diferenzas.

As pezas seleccionadas do cancionero de Elvas, en especial *Nao poden meus olhos vervos* ou *Que he o que vejo*, por exemplo, teñen uns ritmos característicos e, na altura, moi orixinais, cun aire familiar que hoxe nós diríamos “suramericano”. Uns ritmos que podemos atopar tamén en pezas do outro lado do Atlántico, por exemplo, no *Xicochi* (con letra en nahuatl), do músico Gaspar Fernandes.

Discípulo do granadino Pedro Bermúdez, mestre de capela na catedral de Guatemala e logo na de Puebla, Fernandes inicia unha nova xeración de músicos xa formados en América. El mesmo seguirá os pasos do mestre, primeiro na catedral de Santiago de Guatemala e logo, ao morrer Bermúdez, na de Puebla. O uso de linguas indíxenas en pezas de tipo relixioso, como un medio máis de evanxelización, é un elemento de grande orixinalidade. Neste senso, no programa poderemos escoitar a primeira peza composta e impresa en quechua, o *Hanacpachap*. De novo, os seu ritmo lémbra-nos algunhas pezas folclóricas andinas.

Danzas ou secuencias de acordes, como por exemplo as folías, tamén viaxaron polo océano. Cara ao final do programa escoitaremos catro pezas que están baseadas nesa secuencia. Unha, coetánea de Colón, *Señora de hermosura*, do poeta, dramaturgo e músico Juan del Encina, que dará paso a outra versión das folías, a recollida na colección do frade franciscano e organista Antonio Martín i Coll. A última peza do programa, que tamén segue o esquema da folía, é a canción *Dos estrellas le siguen*, do portugués Manuel Machado.

Todas estas pezas virán precedidas dunhas folías do toscano Domenico Zipoli, que merece mención á parte. Domenico Zipoli é un caso curioso de músico, organista, que decide cruzar o Atlántico. Formado en Florencia, capital da Toscana, chegará a estudar con Alessandro Scarlatti e Bernardo Pasquini e, a comezos do século XVIII, era un dos organistas máis reputados de Roma, onde editará as *Sonate* para órgano e clavicémbalo en 1716. Non está clara a causa que o levou, xusto nese ano, a viaxar a Sevilla, onde entra como novizo xesuíta. De alí dará o salto á provincia

xesuítica do Paraguai, instalándose na súa capital, Córdoba. Sería a finais do século XX, nas outrora reducións xesuíticas de San Rafael e Santa Ana de Chiquitos (Bolivia), cando musicólogos chilenos e arxentinos rescatarán unha importante produción musical de Zipoli. Precisamente, as *Folías* deste autor atópanse no manuscrito con música para órgano de San Rafael, onde se recolle boa parte da súa música para o referido instrumento. Con anterioridade, xusto antes de partir para España, en 1716, publicara xa en Roma pezas para tecla no seu *Sonate d'Intavolatura per Organo e Cimbalo*.

Completan o programa un feixe de pezas de tradición oral, na súa maioría mexicanas. Como nas folías, gran parte do patrimonio musical dos *sones* de México está construído sobre un baixo harmónico coñecido como *Romanesca*, tamén de orixe hispana. Na selección deste programa, estes sons ou cancións proceden de diversas rexións e están inspirados en cadanseu tema específico, ben relacionado con algún culto relixioso, ben dedicado á memoria dalgún acontecemento ou personaxe doutras épocas. Así, *Xochipitzahuatl* (flor miudiña) é unha evocación da Virxe en lingua náhuatl. Ten carácter devocional e boa parte da súa identidade vén conferida polo ritmo tradicional e rasgueado do son jarocho. *La Petenera* fai referencia a unha figura clave da vida mexicana poscolonial, unha gran cantante de ópera que fixo unha carreira notable en México sendo unha figura moi apreciada. Esta peza foi creada como unha homenaxe á súa memoria. É unha canción cun número interminable de versos e está construída sobre o son huasteco, un dos oito estilos das cancións tradicionais mexicanas. Influído pola cultura española e indíxena, orixe deste son, remóntase a finais do século XIX. De orixe máis antiga é *Las olas del mar*. A medio camiño entre as habaneiras e os fandangos do século XVIII, esta antiga aria evoca os sentimentos dos presos obrigados a servir como escravos na construción da fortaleza de San Juan de Ulúa, un arrecife fortificado fronte a Veracruz edificado durante a etapa de reformas e reconstrución naval dos Borbóns (1767-1808).

Con este colorido programa, interpretado por músicos que significan tamén esta mestura de culturas e influencias musicais diversas, agardamos achegar o noso gran de area a un recoñecemento e aprecio mutuo na singularidade e, ao tempo, nos moitos lazos que nos unen con culturas irmás ao outro lado do océano.

Andrés Díaz

Programa

<i>All ofertorio in Do maggiore</i>	Domenico Zipoli (1688-1726) (Sonate)
<i>A la villa voy</i>	Anónimo, s. XVI (<i>Elvas</i>)
<i>Dezid flor resplandeciente-</i>	Anónimo, s. XV (CS)
<i>Señora del mundo</i>	Anónimo, s.XVI (CMBP)
<i>Canción Nahuatl-Pues mi Dios</i>	Tradicional, México
<i>Tocada</i>	Domenico Zipoli (Manuscrito)
<i>Al Post Comunio in Fa Maggiore</i>	Domenico Zipoli (Sonate)
<i>Xochipilzahuatl</i> (flor miudiña)	Canto devocional tradicional, México
<i>Hanacpachap</i>	Juan Pérez Bocanegra? (c.1560-1645) (Ritual)
<i>Xicochi, xicochi</i>	Gaspar Fernandez (1566-1629) (Oaxaca)
<i>Retirada del Emperador de los dominios de España</i>	Domenico Zipoli (Manuscrito)
<i>Primavera</i>	Domenico Zipoli (Manuscrito)
<i>Las olas del mar</i>	Son tradicional, México
<i>Nao poden meus olhos vervos</i>	Anónimo, s XVI (<i>Elvas</i>)
<i>Que he o que vejo-Nao tragais borzeguis pretos</i>	Anónimo, s XVI (<i>Elvas</i>)
<i>La Petenera</i>	Son huasteco tradicional, México
<i>Folías</i>	Domenico Zipoli (Manuscrito)
<i>Señora de hermosura-Folías</i>	Juan del Encina (1468-1529) (CMP)- Antonio Martin i Coll (c.1660-c.1734) (Huerto)- Manuel Machado (c.1585-1646) (CCS)
<i>Dos estrellas le siguen</i>	

Fontes

Sonate: *Sonate d'Intavolatura per Organo e Cimbalo*, op. 1, Roma 1716

Elvas: *Cancioneiro de Elvas*, Biblioteca Municipal Pública Hortênsia, Ms 11793, Elvas, s. XVI

CS: *Cancionero de Segovia*, Catedral de Segovia, arquivo capitular s.s., ss. XV-XVI

CMBP: *Chansonnier Masson 56* (Cancioneiro Musical da Biblioteca da École Nationale Superior des Beux-Arts), París. s. XVI

Manuscrito: *Manuscrito San Rafael de Velasco*, Bolivia (ss. XVII-XVIII)

Ritual: Juan Pérez Bocanegra, *Ritual formulario e institución de curas*, Lima, 1631

Oaxaca: Manuscrito musical de Gaspar Fernandez, catedral de Oaxaca, s. XVII

CMP: *Cancionero Musical de Palacio*, Biblioteca Real, MS II-1335, Madrid, ss. XV-XVI

Huerto: *Huerto ameno de varias flores*, Biblioteca Nacional, ms.1359, Madrid, ss. XVII-XVIII

CCS: *Cancioneiro da Sablonara*, Biblioteca Estatal Bávara, Cod.hisp. 2, Munich. s. XVII

Letras

Senhora del mundo

princesa de vida
seais de tal hijo
en buena ora parida

aquel soberano
supremo señor
por suma bondad
vencido damor
de vos toma el traje
de manso pastor
porque del no huya
la oveja perdida

del huerto cerrado
de vuestras entranhas
aquel hazedor
salio disfraçado
con ropas estranhas
del sser aque a los santos
da gloria cumplida

por vos virgen santa
podemos dezir
el hombre comiença
de nuevo a bivar
que antes su vida
que siempre morir
con grandes sospiros
por ver nueva vida

trocamos por vos
pesar en plazer
y siempre ganar
y nunca perde
pobreza en riqueza
ygnorancia en saber
la hambre en hartura
la muerte en la vida

Cuic ocneli nemoua (Da fugacidade)

Oua in tlaltic pac
Hiui o huaie

Hano chica tlaltic pac
Sana chica yenican

Telca chalchihuitl noc xtamani
no teouitatile in xapani
no quetzali posteki
iau hui o huai ya

Cuic ocnelli nemoua
Oua in tlaltic pac
Hiui o huaie

Hano chica tlaltic pac
Sana chica yenican

Pues mi Dios

Pues mi Dios ha nacido a penar,
déjenle velar.
Pues está desvelado por mí,
déjenle dormir.
Déjenle velar,
que no hay pena, en quien ama,
como no penar.
Déjenle dormir,
que quien duerme en el sueño
se ensaya a morir.

Silencio, que duerme.
Cuidado, que vela.
¡No le despierten, no!
¡Sí le despierten, sí!
¡Déjenle velar!
¡Déjenle dormir!

Xochipilzahuatl (Flor miudiña)

Tiaka compañeiros,
ti pashialoti María
ti mo youaloske iuan tonantsi
Santa María Guadalupe
Á raíña das flores
Vin saudar saudar
venerable tonansin
Santa María Guadalupe

Hanaq pachap kusikuynin

Waranqakta much'asqayki
Yupay ruru puquq mallki
Runakunap suyakuynin
Kallpannaqpa q'imikuynin
Waqyasqayta.

Uyariway much'asqayta
Diospa rampan Diospa maman
Yuraq tuqtu hamanq'ayman
Yupasqalla, qullpasqayta
Wawaykiman suyusqayta
Rikuchillay.

Chipchijcachac catachillai
Punchau pussac quean tupa
Cam huacyacpac, manaupa
Queçaiquicta hamuiñillau
Piñascaita quespitchillai
Susurhuana

Ñocahina pim huanana
Mitanmanta çananmanta
Tecçe machup churinmanta
Llapa yallec millaimana
Muchapuai yasuihuana
HuaHuaiquicta

*(Alegría do ceo
Adórote mil veces
Froita preciosa de árbore frutífera,
Esperanza que anima
e dá soporte aos homes,
Ouve a miña oración,*

*Oh, columna de marfil, nai de Deus
De iris fermoso, amarelo e branco,
Recibe esta canción que che ofrecemos,
Vén ao noso auxilio,
Móstranos o froito do teu ventre.)*

Xicochi, xicochi,

Xicochi, xicochi
Xicochi conetzintle
Xicochi conetzintle
Caomiz hui hui xoco in angelos me
Caomiz hui hui xoco in angelos me
Caomiz hui hui xoco in angelos me
In angelos me in angelos me
Aleloya

*(Durme ben
meu neno pequeno,
que os anxos viñeron
a te arrolar.
Aleluia)*

Las olas del mar

Aunque yo por ti esté triste
No me matará el coraje
Al igual que el arrecife
No me rendiré a tu oleaje.
No me rendiré a tu oleaje.
Olvido ya no me aflige
Oigo las olas del mar,
que no cesan ni un momento.

Não podem meus olhos vervos, choram perderse e perder-vos.

Quando nos vossos se vião
algum descanso sentião
cuidado que merecião.
Senhora poderem vervos,
e agora choram perdervos.

Que he o que vejo

Senhora em vos ver
Que me faz morrer
Damor e dessejo

Minhas esperanças
Todas se ausentam
Assi m'atormentam
Vossas esquivanças
Que vendovos vejo
Mil magoas crescer
E se vos não vejo
Não posso viver

Naõ tragais borzeguis prestos

Que na corte saõ defesos
Ora com borzeguis pretos

Naõ tragais o que defeso
Porque quem trae o vedado
Anda sempre aventurado
A ser avexado e preso
Verenvos andar aceso
Ora en cuydados secretos
Ora com borzeguis pretos

Porque quem trae o vedado

Anda sempre aventurado
A ser avexado e preso
Creyobos andar aceso
Ora em cuydados secretos
Ora com borzeguis pretos

E se saber a razaõ
Deste meu trago quereis
A cor que trago nos pes
me deu do coraçõ
porque os meus cuydados
acesos e mais secretos
era ma ventura pretos

La Petenera

La Petenera, señores,
nadie la sabe cantar
solo los marineritos
que navegan en la mar.

Diez años y un mes anduve
navegando por la mar
por una razón que tuve
que tu te ibas a embarcar.

Señora de hermosura

por quién yo espero perderme
¿qué hareis para valerme
deste mal que tanto dura?

Vuestra vista me causó
un dolor qual no pensáis,
que, si no me remediáis,
moriré cuitado yo.

Y si vuestra hermosura
procura siempre perderme,
no pienso poder valerme
d'este mal que tanto dura

Yo creo que mejor fuera
el morir quando naçí
que no que siempre dixera:
"por vengeros me vencí".

Que si vuestra hermosura
del todo quiere perderme,
no podré, triste, valerme
d'este mal que tanto dura

Dos estrellas le siguen,
morena, morena,
y dan luz al Sol:
va de apuesta, señora,
morena, morena
que sus ojos son

Marco Brescia

Organista italiano de orixe brasileira e residente no Porto, Marco Brescia especializouse na interpretación historicamente informada da música de tecla de tradición ibérica e italiana (séculos XVI a XIX). Brescia desenvolve unha extensa carreira artística actuando nos máis prestixiosos festivais internacionais de órgano e de música antiga, como o Euro-Via / Festival Internazionale di Venezia, Festival Organistico Internazionale Città di Treviso e della Marca Trevigiana, Stagione Internazionale di concerti sugli organi storici della provincia di Alessandria, Settimana Organistica Internazionale di Piacenza (ITA), Landsberger Orgel Sommer (DEU), Festival Internacional de Música Antigua de Daroca, Festival Espazos Sonoros de Galicia (ESP), Festival de Órgão da Madeira, Festival de Estoril / Lisboa (PRT), Festival Internacional de Música Colonial Brasileira e Música Antiga de Juiz de Fora (BRA) etc. As clases recibidas de José Luis González Uriol nos cursos de música antiga de Daroca supuxeron, sen dúbida, un punto de inflexión no seu desenvolvemento artístico. É titular dun máster de interpretación da música antiga / órgano histórico pola Escola Superior de Música Antiga de Catalunya / Universitat Autònoma de Barcelona, realizado baixo a supervisión de Javier Artigas, no que lle foi concedida a cualificación de matrícula de honra, así como dun doutoramento en musicoloxía histórica (Universidades Paris IV – Sorbonne / NOVA de Lisboa), co que obtivo tamén a máxima cualificación de *très honorable à l'unanimité*. Actualmente traballa como investigador da Facultade de Ciencias Sociais e Humanas na Universidade NOVA de Lisboa, como membro do CESEM – Centro de Estudos de Socioloxía e Estética Musical. Principal impulsor e coordinador técnico da restauración crítica do órgano histórico Almeida e Silva de Diamantina (1787), Brescia foi condecorado polo Goberno do Estado de Minas Gerais coa Medalla de Honra Presidente Juscelino Kubitschek. Xunto á soprano Rosana Orsini, gravou no órgano histórico Manuel de la Viña / Ramón Cardama do Convento de Santa Clara de Santiago de Compostela (1713/1865) o disco *Angels and Mermaids: religious music in Oporto and Santiago de Compostela (18 /19 century)* para o selo Arkhé Music 2016. Desde 2015 é director artístico do Festival Internacional de Órgão de Vila Nova de Famalicão e Santo Tirso (PRT).

Diana Baroni

Música entre dous mundos, frautista, cantante e artista inclasificable, paséase polos festivais máis prestixiosos da escena musical barroca e das novas músicas e tradicionais do mundo enteiro. Arxentina de orixe, nada na beira do río Paraná, en Rosario, estuda de nena varios instrumentos: guitarra, piano, canto e frautas. Con catorce anos decántase definitivamente pola frauta travesa, abríndose aos repertorios da música clásica. Aos dezasete anos gaña unha bolsa de estudos da Yehudi Menuhin Academy de Gstaad, Suíza. De volta a Buenos Aires, desenvolve a súa carreira como frautista no ámbito dos repertorios contemporáneos e das producións do Centro Experimental do prestixioso Teatro Colón, comezando entón unha nova traxectoria entre a música contemporánea e a música clásica. Grazas a unha bolsa da Fundación Teatro Colón volve ao vello continente para estudar interpretación histórica en Basilea, na prestixiosa Schola Cantorum, e frauta travesa en Amsterdam con Wilbert Hazelzet e Jed Wentz.

Xunto con Céline Frisch, é membro fundador do conxunto Café Zimmermann. Os seus solos de frauta nos discos desta formación, dedicados á obra instrumental de J.S. Bach, reciben as máis importantes mencións e premios da crítica e o grupo convértese nun referente da música antiga. Colabora regularmente con formacións como Les Musiciens du Louvre, The Rare Fruits Council, Ensemble Vedado, Ensemble Stravaganza, Orchestra Svizzera Italiana, entre outras. Emprende tamén os seus propios proxectos de música barroca, que grava con Dirk Boerner, como a integral das sonatas de Johannes Mattheson ou as sonatas de Johann Sebastian Bach, que serán igualmente saudados pola prensa. Como solista, preséntase en festivais de renome como o de Salzburg, Innsbruck, Ambronay, Saint Denis, Prague, Varsovie así como nas mellores salas de concerto de Europa como o Théâtre de La Ville, Théâtre des Abbesses, Musikverein Wien, Châtelet, Gulbenkian, Brucknerhaus Linz e máis alá das súas fronteiras, en China, Xapón, Arxentina, Uruguai, Colombia, Brasil e África.

A súa incansable curiosidade lévana a explorar outros horizontes para afondar nas músicas tradicionais, iniciando unha liña de investigación musicolóxica e, ao tempo, creando foros con músicos de diferentes partes do mundo entre os que contan Tunde Jegede e convidando a formacións como o

Brodsky Quartet, ou l'Alter Quintet, cos que trata de combinar a inventiva da música contemporánea coa riqueza do folclore indíxena suramerindio. Deste traballo nacen proxectos inclasificables que dan vida a varios discos que reviven o repertorio latinoamericano, ao tempo que afirman a súa sensualidade, dinamismo e creatividade.

No ámbito educativo, Diana foi convidada por institucións como o Centre de Musique Baroque de Versailles, o Conservatoire Supérieur de Musique de Rouen, a Asociación Flautística de Madrid, a International Summer School en Dartington (Reino Unido) e a International Academy of Sablé sur Sarthe.

Rafael Guel

Nado en Zacatecas, México, no seo dunha familia de músicos, Rafael Guel comeza moi axiña a interesarse e a estudar as músicas e os instrumentos da música tradicional de América Latina, ingresando na escola de música Ollin Yoliztli de México. En 1977, funda o grupo Coihue e, a partir de 1981, pasa a integrar o grupo Mapu, de gran popularidade naquela altura. Comeza daquela tamén os seus traballos de campo nos pobos de Chiapas e Oaxaca. A través destas viaxes e estadias nas comunidades indíxenas da rexión, Rafael adquire un gran coñecemento e comprensión da música tradicional mexicana. Estes intercambios permitíronlle asemade converterse en artesán e construtor de frautas tradicionais, ocarinas e pequenos instrumentos de percusión.

Radicado en Amsterdam desde os anos noventa, colabora con numerosos conxuntos de música tradicional ata que, en 1999 coñece Diana Baroni, iniciando unha colaboración sen interrupción ao longo dos anos arredor da música colonial e afroperuana, que deixaría pegadas como o disco *Son de los Diablos*. Ademais, desenvolve un frutífero traballo como artesán construtor de instrumentos de corda pulsada, como guitarras tradicionais, renacentistas e barrocas (como a que tocará hoxe no concerto), fornecendo tamén de rosetas de papel por encomenda a diferentes e prestixiosos construtores europeos de instrumentos.

O grupo 1500,

Dirixido por Andrés Díaz, é unha formación vocal e instrumental dedicada á interpretación da música antiga. O seu repertorio comprende desde a música composta nos séculos centrais e finais da Idade Media até a música do Renacemento e do primeiro Barroco, tomando como referente central o ano 1500 que dá nome ao grupo. As persoas que o integran 1500 contan cunha ampla traxectoria concertística, sendo membros ou colaborando asiduamente con outras formacións de ámbito nacional e internacional (Martin Codax, Resonet, Malandança, Vox Stellae, Il Combattimento, Fía na Roca, Vai Trío, Cuarteto Alicerce, Pres de Cambrai, Silva de Sons, Ensemble Rosarum Flores Austria, VIVID Consort) e levan ofrecido numerosos concertos en Galicia, España e no resto de Europa.

Na interpretación e elaboración dos diferentes programas, o grupo busca o máximo rigor histórico e conceptual, empregando nas súas interpretacións un amplo repertorio de instrumentos medievais e renacentistas. Ademais da súa actividade concertística, o grupo de Música Antiga 1500 desenvolve outro tipo de proxectos relacionados coa música, desde a súa concepción e deseño até a súa execución: bandas sonoras para audiovisuais (1500 prestou a banda sonora para a curtametraxe *Cadea Perpetua* ou o documental *O mariscal*, e a súa música ambiente o audiovisual das novas salas inauguradas no Museo do Pobo Galego), concertos, obradoiros e materiais didácticos para centros de ensino, conservatorios e escolas de música, e actividades formativas e divulgativas para adultos.

Desde a súa fundación, en 2005, o grupo leva ofrecido ofrecido un gran número de concertos nos máis diversos escenarios de Galicia, España e Europa: Ciclo de Músicas na Compañía da USC, Ciclo de órgano de Xunqueira de Ambía, Semana Santa de Foz, Semana Santa de Ourense, Museo de Belas Artes da Coruña, Festival Espazos Sonoros nas súas edicións 2008 e 2012, a Festa da Istoría de Ribadavia, Festival Internacional de Músicas da Itinerancia de Compostela, Música nas Ruínas de Pontevedra, Festa da Arribada de Baiona, Ciclo Monumenta, Igrexa de San Paulo de Narbona (Francia), Aste Nagusia de Bilbao, ciclo de concertos da Ribeira Sacra, As notas do pemento de Herbón, ou o Museo das Peregrinacións de Santiago. En 2014 foi convidado para actuar na clausura das celebracións, en Compostela, do VIII centenario da peregrinación de San Francisco. Formou parte ademais, do pro-

grama do I Ciclo de órgano de Vilanova de Famalicão (Portugal), do Festival Pórtico Sonoro, o ciclo Nexos da Cidade da Cultura e o festival de Música Antiga de Loulé, no Algarve. En 2017 realiza unha xira en Austria, en colaboración co grupo Rosarum Flores, actuando no ciclo de concertos de verán da localidade de Imst así como na catedral de Innsbruck, na Hofkirche da mesma cidade e en diferentes igrexas do Camiño de Santiago do Wipptal, na fronteira con Italia.

En 2020 gravou un CD para o libro *Venecia abandonada*, do poeta Eduardo Estévez, editado por Positivas en 2021, con músicas do Renacemento inspiradas e impresas na mítica cidade.

O órgano

Ademais da Catedral e da gran cantidade de mosteiros da cidade, houbo historicamente en Compostela outros clientes que moitas veces adquirían para si un órgano: as confrarías. Naturalmente, só as que tiñan rendas e recursos económicos suficientes podían permitirse un instrumento coma este e, en calquera caso, tratábase de instrumentos máis cativos que os da Catedral ou os dos mosteiros máis importantes. Porén, temos noticia desde bastante axiña de que a Confraría do Rosario (con sede en San Domingos de Bonaval) tiña un órgano e contribuía a manter os restantes órganos do convento. Tamén quedan restos dun órgano, sufragado pola Confraría da Nosa Señora do Socorro, na capela lateral de igual nome da igrexa de San Martiño Pinario. E a motivos similares respondía a presenza dun instrumento na capela da Confraría dos Clérigos do Coro da Catedral.

Así pois, cando se remata a igrexa das Ánimas, sede da Confraría das Ánimas, esta decide dignificar o magnífico templo e as súas celebracións dotándoo dun órgano. Nun primeiro momento (xaneiro de 1855) encargáraselle a Santiago Tafall, organeiro da Catedral e daquela un dos máis importantes organeiros peninsulares. Este gañaría o concurso convocado para súa construción. Porén, debido á súa sona, Tafall estaba naquela altura ocupado en obras de moita envergadura: entre 1855 e 1864 intervirá, entre outros, nos órganos grandes de todas as catedrais de Galicia a excepción da de Tui. Por iso, a obra das Ánimas queda sen facer. Non será ata 1880 (segundo consta na caixa do instrumento) que o órgano quede rematado, da man doutro organeiro compostelán, Ramón Cardama, do que non temos moitos datos, mais alá das intervencións que fixo na cidade. Dentro da súa caixa neogótica, o órgano segue nas súas características a estética do órgano barroco ibérico, escola na que probablemente se formase (e en certo modo "militase") o seu organeiro, nun momento no que o chamado órgano romántico xa acadara unha ampla difusión por toda Europa. Foi restaurado recentemente polo obradoiro de organería dos irmáns Desmottes, atópase nun excelente estado de conservación e é outra interesante peza do rico panorama dos órganos de Compostela.

Vindeiros concertos e actividades:

Venres 27 de agosto, 19.30 h, Carmen Díaz Estilista-Kookaï Naf-Naf,
encontro con Diana Baroni e Rafael Guel

Sábado 28 de agosto, 12.30 h, igrexa das Ánimas, Matinés 20',
órgano: María José Cerviño

Luns 30 de agosto, 19.30 h, A pegada do órgano no cine,
proxección na NUMAX de *Carnival of Souls*



COLABORAN:



NUMAX



CARMENDÍAZ
estilista

